



**PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN PLÁSTICA,VISUAL E  
AUDIOVISUAL  
1º, 3º e 4º de ESO**

**Departamento de Debuxo**

**ies de Mugardos  
curso 2019-2020**

## Índice de contenido

curso 2019-2020.....	1
<b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL.....</b>	<b>3</b>
1 – Introducción, contextualización e glosario.....	3
2 - Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	6
3 - Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis ao desenvolvemento das competencias clave en 1º ESO. Perfil de área.....	7
Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis ao desenvolvemento das competencias clave en 3º ESO. Perfil de área.....	9
Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis ao desenvolvemento das competencias clave en 4º ESO. Perfil de área.....	11
4 - Perfil de competencial 1º ESO e 3º ESO e 4º ESO.....	14
5 - Metodoloxía.....	15
6 - Materiais e recursos didácticos.....	17
7 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: Temporalización, mínimos para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación. 1º ESO.....	19
7.1 Unidades didácticas.....	19
8 - Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.3º ESO.....	21
8.1 Unidades didácticas.....	21
9 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.4º ESO.....	22
9.1 Unidades didácticas.....	22
10 – Criterios, porcentaxes, procedementos e instrumentos de avaliación 1º ESO , 3º ESO e 4º ESO.....	23
Probas escritas ou orais.....	24
Exercicios, actividades e tarefas (orais ou escritas).....	24
10.1 Cadro da programación da materia 1º ESO.....	26
10.2 Cadro da programación da materia 3º ESO.....	38
10.3 Cadro da programación da materia 4º ESO.....	49
10.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia1º ESO.....	58
10.5 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia 3º ESO.....	61
10.6 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia 4º ESO.....	63
11 – Avaliación: cualificación e promoción do alumnado 1º ESO e 3º ESO e 4º ESO.....	66
12 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino docente.....	68
13 - Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.....	69
14 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	70
15 - Deseño da avaliación inicial.....	70
16 - Medidas de atención á diversidade.....	71
17 - Elementos transversais.....	72
18 - Actividades complementarias e extraescolares.....	74
19 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación.....	74
20 - Accións de contribución ao proxecto lector.....	75
21 - Accións de contribución ao proxecto TIC.....	75
22 - Accións de contribución ao plan de convivencia.....	75
23 – Información as familias.....	75

## **PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL.**

1º ESO , 3º ESO, 4º ESO

### **1 – Introducción, contextualización e glosario.**

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". Nesta comunidade autónoma impártese a materia en 1º e 3º de ESO.

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" transládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

O I.E.S. de Mugarodos está situado no concello de Mugarodos. No caso da ESO, recibe principalmente estudantes de dous colexios da zona, o de Franza e Catro camiños, as veces tamén recibimos alumnado do colexio concertado Loyola e outras do CPI de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación ( a Vila de Ares, a Vila

de Mugarodos, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

A composición do departamento de debuxo consta dunha soa persoa, eu mesma, Marta González Pérez, que sendo xefa do departamento imparto clase, neste curso escolar, en 1º, 3º e 4º ESO e 1º e 2º Bacharelato.

Asemade son coordinadora do SEMGal e pertenzo ao departamento de Orientación.

As materias impártense nas aulas de: Debuxo, de informática con 3º ESO e na Biblioteca con 4º.

A aula de Debuxo foi dotada de pizarra dixital, un ordenador fixo, un Apple TV e unha impresora. Ademais dispón dun encerado de xiz e un corcho.

A actual realidade económica na comarca fai moi recomendable o emprego de software libre ou gratuito como medida para fomentar a igualdade e tratar de superar as diferencias socioeconómicas, asemade é un xeito de concienciar na necesidade de compartir e cooperar.

**Criterios de avaliación-** Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).

**Estándares de aprendizaxe** - Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeles, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.

### **Criterios de cualificación**

Indicadores de logro - Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.

Grao de consecución dun estándar - Serve para sinalar o **grao mínimo de consecución** esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.

Criterios de cualificación e instrumentos - Serven para ponderar **“o valor”** que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.

### **Procedementos e instrumentos**

Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).

**Nivel de desempeño das competencias- Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade** (art. 7.4 da Orde ECD/65/2011)

**Avaliación das competencias- A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos**, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).

## **2 - Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

### 3 - Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave en 1º ESO. Perfil de área.

#### 48 estándares

Competencia	Estándares de aprendizaxe
Comunicación lingüística (CCL).16,6%	<p>EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</p> <p>EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</p> <p>EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</p> <p>EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.</p> <p>EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</p> <p>EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.</p> <p>EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</p> <p>EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.</p>
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).16,6%	<p>EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadro e cartabón con suficiente precisión.</p> <p>EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</p> <p>EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.</p> <p>EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.</p> <p>EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadro e cartabón.</p> <p>EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</p> <p>EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.</p>

	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.
Competencia dixital (CD).8,3%	EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema. EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas. EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais. EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
Aprender a aprender (CAA).10,4%	EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.
Competencias sociais e cívicas (CSC).12,5%	EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).14,5%	EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea. EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón. EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales. EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.
Conciencia e expresións culturais (CCEC).20,8%	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.



<p>EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p> <p>EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p> <p>EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p> <p>EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.</p> <p>EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Tales.</p> <p>EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</p> <p>EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.</p> <p>EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</p> <p>EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</p>
--

## Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave en 3º ESO. Perfil de área.

### 40 estándares

Competencia	Estándares de aprendizaxe
Comunicación lingüística (CCL).17,5%	<p>EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</p> <p>EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.</p> <p>EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.</p> <p>EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.</p> <p>EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.</p> <p>EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.</p> <p>EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</p>
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<p>EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.</p> <p>EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando</p>

(CMCCT).17,5%	<p>adecuadamente as ferramentas.</p> <p>EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.</p> <p>EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.</p> <p>EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</p> <p>EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</p> <p>EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</p>
Competencia dixital (CD).10%	<p>EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.</p> <p>EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.</p> <p>EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</p> <p>EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</p>
Aprender a aprender (CAA).10%	<p>EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.</p> <p>EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <p>EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.</p> <p>EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</p>
Competencias sociais e cívicas (CSC).12,5%	<p>EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</p> <p>EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p>EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.</p> <p>EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</p>
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)15%	<p>EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.</p> <p>EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</p> <p>EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.</p> <p>EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.</p> <p>EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.</p>
Conciencia e expresións	<p>EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.</p>

<p>culturais (CCEC)17,5%</p>	<p>EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p> <p>EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.</p> <p>EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.</p> <p>EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.</p> <p>EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.</p>
------------------------------	---

## Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave en 4º ESO. Perfil de área.

### 35 estándares

Competencia	Estándares de aprendizaxe
<p>Comunicación lingüística (CCL).0%</p>	<p>NON CONTRIBÚE</p>
<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).11,84%</p>	<p>EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</p> <p>EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</p> <p>EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</p> <p>EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.</p> <p>EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</p> <p>EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas</p> <p>EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</p> <p>EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</p> <p>EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p>
<p>Competencia dixital (CD).13,15%</p>	<p>EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p>EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</p> <p>EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</p> <p>EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e</p>

	<p>os movementos de cámara.</p> <p>EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</p> <p>EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</p> <p>EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</p> <p>EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</p> <p>EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</p> <p>EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</p>
<p>Aprender a aprender (CAA).14,47%</p>	<p>EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p>EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</p> <p>EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</p> <p>EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</p> <p>EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.</p> <p>EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</p> <p>EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</p> <p>EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</p> <p>EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</p> <p>EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p> <p>EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</p>
<p>Competencias sociais e cívicas (CSC).0%</p>	<p>NON CONTRIBÚE</p>
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).27,63%</p>	<p>EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</p> <p>EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p>EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.</p> <p>EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</p> <p>EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</p> <p>EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</p> <p>EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</p> <p>EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</p> <p>EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</p>

	<p>EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</p> <p>EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</p> <p>EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</p> <p>EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</p> <p>EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.</p> <p>EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</p> <p>EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</p> <p>EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</p> <p>EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</p> <p>EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</p> <p>EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</p> <p>EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</p>
<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC).32,89%</p>	<p>EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</p> <p>EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</p> <p>EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.</p> <p>EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.</p> <p>EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</p> <p>EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p>EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica á produción de proxectos persoais e de grupo.</p> <p>EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</p> <p>EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</p> <p>EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</p> <p>EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</p> <p>EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</p> <p>EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</p> <p>EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</p> <p>EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</p>

<p>EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</p> <p>EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</p> <p>EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</p> <p>EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</p> <p>EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</p> <p>EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</p> <p>EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</p> <p>EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</p> <p>EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</p> <p>EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen</p>
--

#### **4 - Perfil de competencial 1º ESO e 3º ESO e 4º ESO**

<b>1º ESO (48 estándares)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>3º ESO (40 estándares)</b>	

▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	▪ CCEC
▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	▪ CMCCT
▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	▪ CCL
▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	▪ CSIEE
▪ EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	▪ CSC
▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	▪ CAA
▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	▪ CD
<b>4º ESO (35 estándares)</b>	
▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	▪ CCEC
▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	▪ CMCCT
▪ NON CONTRIBÚE	▪ CCL
▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica á produción de proxectos persoais e de grupo.	▪ CSIEE
▪ NON CONTRIBÚE	▪ CSC
▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	▪ CAA
▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	▪ CD

## **5 - Metodoloxía**

En canto ao sistema de traballo:

- **Ao principio de cada unidade didáctica faranse preguntas do tipo que sei e que quero saber. Logo darase unha visión global dos contidos necesarios cunha explicación oral apoiada en todo momento por imaxes, vídeos ou**

**debuxos no encerado e /ou presentacións e documentos preparados por min dos cales habrá que tomar apuntes no caderno.**

Trátase de fomentar, a través de todo este material didáctico, a observación e a capacidade de análise do alumnado tentando que relacionen estes novos aprendizaxes con outros anteriores e co seu entorno.

**En ocasións proporanse nesta parte tarefas de autodescubrimento, sempre de maneira guiada e cooperativa en moitas ocasións (utilizando rutinas e destrezas de pensamento), facilitando direccións de Internet ou libros e publicacións seleccionadas para tal fin.**

Isto tenta favorecer a motivación e a aprendizaxe personalizada.

A nosa prioridade será a comprensión de contidos por riba da aprendizaxe memorística.

As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse.

- **En cada unidade darase un guión ou enunciado dos proxectos prácticos ou exercicios que será necesario desenvolver. En case todos os casos traballaremos na aula, é moi importante non perder os apuntes e as fichas entregadas .En caso de perdela poderanse recoller na conserxería do centro no curso de 1º de ESO.**

En 1º de ESO, debido aos escasos coñecementos sobre a materia, as actividades serán de menor elaboración favorecendo a experimentación.

Ao rematar as distintas unidades, en algúns casos habrá que facer exposicións orais do investigado ou traballado.

**A parte da materia do bloque de debuxo técnico é necesario practicala e estudala na casa.**

- A agrupación do alumnado será variable e flexible. **Fomentarse o traballo cooperativo e en equipo.** Este traballo será por parellas ou pequenos grupos de non máis de catro ou en gran grupo dependendo do proxecto a desenvolver. Durante a súa realización, a profesora guiará a evolución dos procesos de aprendizaxe. Facilitará documentos sobre as distintas partes do proceso para que o alumnado reflexione e isto formará parte da súa cualificación. O obxectivo desta metodoloxía é, ademais, metacognitivo.  
**Repartiranse roles coas distintas funcións que cada alumno debe desenvolver dentro do seu grupo. Cualificarase o desempeño destes roles de xeito individual.**
- Procurarase fomentar o interese e gusto polo feito creativo e a investigación por iniciativa propia, favorecendo os distintos ritmos de aprendizaxe e a profundización na tarefa pedida. **(Medida de atención á diversidade)**  
**Será necesario, unha vez rematado o proxecto, entregalo na data proposta para tal fin.**  
**En todos os casos habrá que facer unha portada onde obrigatoriamente aparecerá o título do traballo, materia, quen o fixo (nome e apelidos) e curso coa letra. Se o traballo é dixital o nome do arquivo debe ter a mesma información e habrá que presentalo a través dunha plataforma educativa, do correo ou imprimilo. Aclararase con cada grupo o modo máis adecuado.**



A data será acordada co grupo, e haberá en practicamente tódolos casos, unha fin de semana polo medio para ter tempo de rematar o proxecto se non se rematou nas clases.

**Ao longo do proceso iranse marcando datas para rematar as distintas partes que serán cualificadas ao longo do proceso.**

A profesora adoptará as medidas recollidas no apartado de cualificación, cando o proxecto non se entrega na súa data.

- Desenvolvense actividades de reforzo ou ampliación para ter en conta a diversidade do alumnado. Pódese chegar incluso a propor proxectos diferentes en función da motivación e intereses do alumnado, sempre traballando os contidos necesarios para alcanzar a superación dos mesmos estándares de aprendizaxe.
- Traballarán tanto na biblioteca do centro como na aula de informática sempre que sexa posible.
- **Para a aplicación adecuada desta metodoloxía é imprescindible que o alumnado acuda á clase co material e instrumental necesario para o seguimento da materia.(EPVA B1.7.7 en 1º ESO, EPVA B1.5.7 en 3º ESO e en 4º ESO o EPVAB.1.3.2.)**

**A medida para reconducir estes casos está articulada nas normas de convivencia do centro.**

**Esta medida non se aplicará ata que sexa un continuo na predisposición do alumnado, dando conta primeiro ás familias e tentando reconducir a conduta na aula por outros medios. Como última alternativa se aplicará a expulsión á aula de diversidade por este motivo.**

En resumo, **o sistema de traballo para actividades e tarefas será a seguinte en case tódolos casos:**

- Preguntas de partida: ideas previa, curiosidades e inquiredanzas.
- Introducción do tema.
- Tarefas de autodescubrimiento guiado.
- Guión co que teño que facer, e onde buscar a información se é preciso.
- Valoración de procesos intermedios.
- Entrega da tarefa, tal e como se explicou anteriormente, na data proposta e cunha presentación coidada.
- Exposición, se é o caso.
- Avaliación. Autoavaliación e coavaliación nalgúns casos.
- Posibilidade de repetición de partes ou de todo. Esta é a maneira de reforzar e recuperar traballos suspensos.

## **6 - Materiais e recursos didácticos.**

Empregarase Internet para investigar e ver boletíns e guións de actividades tal e como está recollido no apartado anterior.

Estes boletíns de actividades serán materiais curriculares fotocopiabes subministrados por empresas, institucións e outros docentes. Noutros casos feitos por

min. Estarán colgados en Edixgal en 1º de ESO e en EDMODO ou SCHOOLOGY en 3º e 4º.

Fichas de traballo.

Libros de texto de distintas editoriais do departamento e da biblioteca do centro.

Plataforma EDIXGAL para 1º ESO

Software instalado localmente ou en rede:

Inkscape, Gimp, Popplet, Canva, Piktochart, Libreoffice, Edmodo ou Schology (en 3º ESO), Google Docs.

Empregarase na medida do posible software libre ou gratuito coa finalidade de fomentar a igualdade, a cooperación e o compartir.

Utilizaremos tamén Pinterest en 3º e 4º ESO.

Páxinas web:

<http://ares.cnice.mec.es/dibutec/index5.html>

Entre outros materiais usaranse aplicacións de José Antonio Cuadrado.

El blog de Lucía Álvarez

<http://www.luciaalvarez.com/>

### **Neste curso escolar traballaremos o tema “As Viaxes”**

En canto ao material que o alumnado desta materia debe ter é o seguinte:

- Lapis HB.
- Escuadro, cartabón, regra e compás.
- Folios brancos que farán de caderno para tomar apuntes ou bloc de debuxo con buratos para anillas (de 20 láminas como mínimo).
- Anillas.
- Sacapuntas.
- Goma.
- Algunhas pinturas de cores variadas de calquera tipo. 6 son suficientes.
- Tesoiras.
- Pegamento de barra.
- Axenda.
- Carpetiñas ou fundas para documentos. Servirán para gardar os folios ordenados e as fotocopias facilitadas e para entregar os traballos.
- Excepcionalmente algúns materiais que se dirán no seu momento, a lo menos cunha semana de antelación. Na maioría dos casos serán materiais de refugo.

## 7 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: Temporalización, mínimos para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación. 1º ESO

### 7.1 Unidades didácticas

#### Bloque 1. Expresión plástica.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
1.1	O punto, a liña e o plano.	Elementos expresivos da linguaxe plástica, visual e audiovisual.	6	1º
1.2	A textura e a cor.	Elementos expresivos da linguaxe plástica, visual e audiovisual.	6	1º
1.3	A composición e o ritmo.	Elementos expresivos da linguaxe plástica, visual e audiovisual.	5	2º
1.4	Técnicas artísticas.	O uso expresivo dos materiais.	8	2º

#### Bloque 2. Comunicación audiovisual.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
2.1	A imaxe e a comunicación visual.	Iconicidade. Figuración e abstracción. Elementos da comunicación. Mensaxes visuais.	10	2º
2.2	O cómic	A súa linguaxe.	6	2º

#### Bloque 3. Debuxo Técnico.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
3.1	Elementos xeométricos fundamentais.	O punto. Tipos de liñas. Operacións con segmentos. Trazados con plantillas.	7	1º
3.2	Circunferencia e círculo.	Partes. Uso do compás.	3	1º
3.3	Ángulos.	Tipos. Posicións e trazados.	4	1º,2º
3.4	Lugares xeométricos.	Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	1	3º
3.5	Triángulos e cuadriláteros.	Clasificacións, propiedades e trazados.	5	3º
3.6	Polígonos regulares e	Clasificacións.	1	3º

	irregulares.			
--	--------------	--	--	--

## 8 - Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.3º ESO

### 8.1 Unidades didácticas

#### Bloque 1. Expresión plástica.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
1.1	O proceso creativo.	Métodos creativos aplicados á composición gráfico plástica.	4	1º
1.2	A imaxe fixa.	Grados de iconicidade. A imaxe gráfica.	3	1º
1.3	A cor.	Simbolismo, temperatura, propiedades.	4	1º
1.4	Materiais e técnicas.	Posibilidades expresivas.	5	1º

#### Bloque 2. Comunicación audiovisual.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
2.1	Percepcións visuais e ilusións ópticas.	As leis da Gestalt. Procesos perceptivos.	3	3º
2.2	Imaxe en movemento.	Posibilidades expresivas.	5	2º
2.3	Linguaxe visual.	Significante e significado. Denotación e connotación.	2	1º
2.4	A fotografía.	Medio de comunicación.	3	1º
2.5	Linguaxes visuais e audiovisuais.	Fundamentos.	2	2º
2.6	A publicidade.	Recursos publicitarios.	3	3º
2.7	O cine.	Medio de comunicación.	3	2º
2.8	A linguaxe multimedia.	Fundamentos.	2	2º

#### Bloque 3. Debuxo Técnico.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
3.1	Lugares xeométricos.	Definicións e construcións.	1	1º
3.2	Polígonos.	Clasificacións e construcións.	3	1º
3.3	Tanxencias.	Construcións.	6	3º
3.4	Curvas técnicas.	Óvalos, ovoides e espirais.	2	2º
3.5	Simetrías, xiro e traslación.	Aplicacións en redes modulares.	1	2º
3.6	Sistema diédrico.	Vistas.	5	3º

## 9 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.4º ESO

### 9.1 Unidades didácticas

#### Bloque 1. Expresión plástica.

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
1.1	A linguaxe plástica e visual	Fundamentos: Composición, cor...	3	1º
1.2	Materiais	Soportes e técnicas	3	1º
1.3	Proceso de creación	Da idea á materialización	4	1º, 2º
1.4	Obras artísticas	Lectura e análise	3	1º

#### Bloque 2. Debuxo técnico

Número	Título	Descrición	Duración (sesións)	Secuenciación (trimestre)
